

*ARTIGO 10º.—INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.*

En todo o relativo á cualificación de infracción s tributarias, así como das sanción s que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.

*DISPOSICIÓN FINAL.*

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**19º.—ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA INSCRIPCIÓN  
NAS PROBAS SELECTIVAS DE PERSOAL DO CONCELLO DE CAMBADOS.**

*ARTIGO 1º.—NATUREZA E FUNDAMENTO.*

A presente Ordenanza regula a taxa pola prestación da actividade de probas selectivas de persoal que organice este Concello, establecida no exercicio da potestade tributaria prevista nos artigos 133.2 da Constitución, artigo 106 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local e nos artigos 20 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

*ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE.*

Constitúe o feito imponible da taxa a inscrición ou matriculación nas probas selectivas que se convoquen para seleccionar ó persoal ó servizo deste Concello, tanto na condición de funcionario, como na condición de persoal laboral.

*ARTIGO 3º.—SUXEITO PASIVO.*

Será suxeito pasivo da taxa quen solicite a inscrición nas probas selectivas.

*ARTIGO 4º.—DEVENGO.*

A taxa devengarase no momento en que se solicite a inscrición.

*ARTIGO 5º.—TARIFAS E COTA TRIBUTARIA.*

A taxa esixirase de acordo coas seguintes tarifas:

|                                     | <i>IMPORTE</i> |
|-------------------------------------|----------------|
| Grupo A1 e asimilados               | 38,50 €        |
| Grupo A2 e asimilados               | 32,90 €        |
| Grupo C1 e asimilados               | 27,40 €        |
| Grupo C2 e asimilados               | 22,00 €        |
| Grupo E e asimilados                | 16,50 €        |
| Probas para contratacións temporais | 5,50 €         |

*ARTIGO 6º.—LIQUIDACIÓN E INGRESO.*

No momento de presentar a procedente solicitude de inscrición nas probas selectivas, os interesados deberán ingresar a cota que corresponda, de acordo co artigo 5º.

Non será tramitada ningunha solicitude de inscrición para participar nas probas selectivas que non tivera acreditado o pago da taxa.

*ARTIGO 7º.—INFRACCIÓN E SANCIÓN.*

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.

*DISPOSICIÓN FINAL.*

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**20º.—ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DAS CASAS DE CULTURA E CENTROS SOCIAIS DO CONCELLO DE CAMBADOS.***ARTIGO 1º.—NATUREZA E FUNDAMENTO.*

O Pleno do Concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 19 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a imposición e ordenación da Taxa pola utilización das instalacións das Casas de Cultura e Centros Sociais do Concello de Cambados.

*ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE.*

Constitúe o feito imponible da taxa, a utilización privativa ou aproveitamento especial das instalacións das Casas de Cultura ou Centros Sociais do Concello de Cambados co obxecto de celebración de cursos, conferencias ou outro tipo de actividades. Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.- Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria que se beneficien da utilización das instalacións en beneficio particular, consonte algún dos supostos citados no artigo segundo.

*ARTIGO 4º.—RESPONSABLES.*

Serán responsables solidarios e subsidiarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas as que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

*ARTIGO 5º.—COTA TRIBUTARIA.*

A contía da taxa será a resultante da aplicación da tarifa de 21,50 €/hora.

*ARTIGO 6º.—BENEFICIOS FISCAIS.*

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de Lei ou deriven de Tratados ou Acordos Internacionais.

*ARTIGO 7º.—DEVENGO.*

O devengo da taxa prodúcese no momento de solicitala correspondente autorización.

*ARTIGO 8º.—XESTIÓN.*

A taxa esixirase en réxime de autoliquidación. O suxeito pasivo deberá efectuar o ingreso correspondente no momento de presentala solicitud de autorización para que esta sexa admitida a trámite.

Na solicitud deberá constar como mínimo: datos identificativos completos, dirección, teléfono de contacto, locais que solicita, fin para o que se solicita, horas de utilización (día/semana/mes) e período de duración.